

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE O NOVO VIAL DE ACCESO AO BARRIO DE MONTE PORREIRO EN PONTEVEDRA**

Pontevedra, 6 de novembro do 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra parte Miguel Anxo Fernández Lores, quen actúa no nome e representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan Don José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

## EXPOÑEN

I.- A Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- No exercicio das súas respectivas competencias, con data 18 de novembro do 2015, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, expresamente, na cooperación para a planificación e execución dos proxectos e actuacións que se sinalan no seu expositivo, así coma doutras infraestruturas ou actuacións que no futuro se puidesen acordar no curso do presente mandato.

No amentado protocolo, que pode servir de memoria xustificativa da necesidade, oportunidade e impacto económico deste convenio, prevese que as obrigas que asumirán cada unha das partes asinantes, referidas á redacción e xestión dos proxectos executivos, así como verbo dos correspondentes compromisos de financiamento, titularidade e mantemento das infraestruturas e dotacións, concretaranse nos correspondentes convenios interadministrativos a asinar, aos que se poderán incorporar outras administracións ou axentes implicados.

III.- A nova xeira de colaboración pactada no protocolo contaba xa con algúns precedentes entrámbalas institucións, entre os que lembramos, como un dos fitos más salientables, a sinatura dun convenio de colaboración o 26 de febreiro do 2008, - cunha addenda posterior-, no que se sentaron as bases para a realización de diversas actuacións, entre as que figuraban, a transferencia de distintos treitos de viario provincial ou a construcción dun novo vial que facilitou o acceso a Montecelo dende a estrada N-550 e que incluía a construcción dunha nova ponte sobre o río Lérez, a Ponte das Palabras, que veu a mellorar sensiblemente os desprazamentos entre o norte e o leste da cidade, ao evitar que todo o tráfico motorizado procedente da zona

norte teña que pasar polo centro urbano para acceder a Montecelo ou ao barrio de Monte Porreiro.

IV.- Tamén cómpre citar, xa máis recentemente e entre outras infraestruturas viarias de execución conveniada, o "Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo o acceso a Príncipe Felipe-Montecelo dende a PO-542 no lugar de O Marco", asinado o 15 de abril do 2013 co obxectivo de mellorar a accesibilidade ao complexo asistencial Príncipe Felipe, de titularidade provincial, e ao Hospital Montecelo, mediante a execución dun futuro vial que unirá a estrada autonómica PO-542 O Pino-Bora, dende o lugar do Marco, con este complexo asistencial.

Esta nova infraestrutura viaria tamén contribuirá no futuro á mellora da mobilidade cara ao barrio de Monte Porreiro dende a zona leste da cidade, podendo integrarse, no futuro, como parte da rolda urbana.

V. De entre os eidos que se relacionan no amentado Protocolo do 2015, para afondar na conxugación dos principios que rexen as relacóns entre o Concello e a Deputación mediante a planificación e desenvolvemento de accións coordinadas, figura a execución dun "novo acceso a Monte Porreiro".

Un dos froitos do convenio asinado en 26 de febreiro de 2008 -a construcción pola Deputación e o Concello da Ponte das Palabras, entre a parroquia de Lérez e o barrio de Monte Porreiro-, serviu para mellorar a circulación na cidade e os accesos ao referido barrio; porén, esa infraestrutura non culmina os obxectivos de mobilidade pretendidos e faise necesaria a dotación dun novo viario que asuma o tráfico que accede a Monte Porreiro paralelo ao río pola Avda. de Bos Aires.

Esta infraestrutura debe mellorar a seguraza viaria nesta zona e, asemade, permitirá retirar un tráfico improcedente e medioambientalmente agresivo na beira do río Lérez, co obxectivo de poder seguir mellorando e recuperando -dende o punto de vista medioambiental- a contorna do río para o goce de toda a cidadanía.

Ademais, cómpre manter e priorizar a mobilidade peonil e ciclista, ao igual que se fai no resto da cidade, como xeitos de mobilidade non motorizados e plenamente

compatibles co crecemento económico, a cohesión social, a seguranza vial e a defensa do medio ambiente, polos que apostan ámbalas institucións.

VI.- Para darmos cumprimento a todos estes obxectivos e para facer más sinxela e segura a mobilidade entre Pontevedra e Monte Porreiro, elaborouse inicialmente, polos servizos técnicos do Concello un anteproxecto, no que se propuña a construción dun novo acceso a Monte Porreiro por Os Campos, que aproveitase as infraestruturas xa construídas para o paso do tren de alta velocidade, xunto coas sinerxías da planificación e recepción do viario do polígono da antiga parcela de TAFISA e as pegadas do viario municipal rural existente.

VII.- Unha vez considerada toda a información dispoñible e encaixada a solución que se entende máis axeitada para o vial, a Deputación culmina a redacción do correspondente proxecto denominado "Novo vial de acceso a Monte Porreiro (Pontevedra)", favorablemente avaliado polos técnicos municipais.

O referido proxecto deseña un vial de "zona 30" con tráfico calmado e itinerario peonil. Disporá de dous carrís de circulación de 3,50m de largo cada un, cunha beirarrúa de 2,50m na marxe esquerda, que facilitará o acceso peonil ata a Universidade e o barrio de Monte Porreiro.

O trazado desenvolto aproveita o paso inferior baixo as vías do ferrocarril, xa executado polo Ministerio de Fomento, e na súa meirande parte apóiase sobre unha vía existente, Rúa Reguiña, amplíandoa, de xeito que se minimizan as expropiacións e afeccións. No treito final, na contorna dos Campos, prevese a urbanización da área pública municipal e a reordenación do tráfico da zona.

O proxecto ten un orzamento de execución material de 789.832,97€, o que representa un orzamento base de licitación de 939.901,24€, cun importe total de 1.137.280,50€ cun prazo de execución de 9 meses. O proxecto prevé, asemade, expropriar unha superficie de 7.979 m<sup>2</sup>, dos que 367 m<sup>2</sup> son xa de titularidade pública, cun orzamento estimado de expropiacións que ascende a 439.393,50€.

VIII.- Os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime

xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IX.- O artigos 25 1.c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, -en sentido semellante que o art. 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia- establece que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promoveren actividades e prestaren os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo, en todo caso, como propias e esenciais, -nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas-, competencias, entre outras, nas materias de abastecemento de auga potable a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, infraestruturas viarias, de estacionamento de vehículos e en materia de mobilidade, que cómpre cohonestar coas competencias das deputacións provinciais e cos principios que pautan a colaboración interadministrativa.

X.- A lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal. A tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta este convenio, dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente, amais de resultar totalmente acaída esta canle de participación do ente provincial por mor do carácter supramunicipal das dotacións de carácter público afectadas, como concorre na sede da UNED de Monte Porreiro.

Ao abeiro das precedentes consideracións, tomando como alicerces os principios de colaboración e de protagonismo dos concellos como axentes decisórios das políticas municipais, no eido das competencias que a lexislación vixente atribúe á administración local e en desenvolvemento do protocolo de colaboración anteriormente referido, as partes asinantes formalizan o presente Convenio de colaboración, consonte ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é a cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo as obras do "Novo viario de acceso ao barrio de Monte Porreiro en Pontevedra", segundo o proxecto que achegará a Deputación Provincial, co obxecto de facilitar a mobilidade, circulación e accesos ao devandito barrio e aos equipamentos que nel se sitúan, mediante a execución dun vial que asuma o tráfico que accede a Monte Porreiro, paralelo ao río pola Avda. de Bos Aires, á vez que se mellora a seguranza viaria e se retira o tráfico improcedente e medioambientalmente agresivo na beira do río Lérez, coa finalidade de seguir mellorando e recuperando a contorna do río para o goce de toda a cidadanía e con prioridade da mobilidade peonil e ciclista.

### SEGUNDA.- IMPORTE

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade total de un millón cincocentos setenta e seis mil seiscientos setenta e catro euros (1.576.674,00 €), e abrangue todos os gastos que derivan das obras e instalacións a realizar, por importe de un millón cento trinta e sete mil douscentos oitenta con cincuenta euros (1.137.280,50 €), incluídos os gastos de seguridade e saúde, así coma o orzamento estimado das expropiacións correspondentes, por importe de catrocentos trinta e nove mil trescentos noventa e tres con cincuenta euros (439.393,50 €).

### TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

Os investimentos necesarios para a realización da mencionada obra, 439.393,50 euros en concepto de expropiacións e 1.137.280,50 euros de execución de obra distribuiranse do seguinte xeito:

A Deputación de Pontevedra levará a cabo a redacción e aprobación do proxecto consonte á normativa provincial de estradas e das autorizacións sectoriais necesarias, así como do expediente expropiatorio e financiará o 70% da execución da obra, 796.096,35 euros, con cargo á aplicación 17/942.9420.762.14 do orzamento provincial, a Concellos-Investimentos en Convenios (Vigo e Pontevedra).

O Concello de Pontevedra aboará o 30% do orzamento da obra, 341.184,15 euros. As expropiacións, estimadas en 439.393,50 euros, imputaranse con cargo ao orzamento do concello para o exercicio 2018. Dito importe achegarase á Deputación de Pontevedra previo requerimento desta, antes do inicio do expediente expropiatorio.

#### **CUARTA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º.- A execución das actuacións e contratos a que o presente convenio se refire e o financiamento dos mesmos por parte de ambas institucións terá lugar durante os anos 2017, 2018, e 2019 unha vez aprobado definitivamente pola Administración Provincial o proxecto de obra e resolto o expediente expropiatorio, nos importes que deseguidamente se indican:

	2017	2018	2019	TOTAL
Deputación de Pontevedra	796.096,35 €			796.096,35 €
Concello de Pontevedra		439.393,50 €	341.184,15 €	780.577,65 €
<b>TOTAL ANUALIDADE</b>	<b>796.096,35 €</b>	<b>439.393,50 €</b>	<b>341.184,15 €</b>	<b>1.576.674,00 €</b>

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos provocará o reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial de Pontevedra no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dicte.

2º.- Aprobado que sexa o proxecto das obras obxecto deste convenio polo Concello de Pontevedra, este remitirá copia de dita aprobación á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3º.- Formalizado o/os contrato/s de obras para a execución do proxecto a que se refire o anterior parágrafo, remitirase copia do/s mesmo/s á Deputación Provincial e comunicarase a esta, a data e hora en que terá lugar a comprobación do trazado de planta, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4º.- O Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras do proxecto ou proxectos, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un

representante ou facultativo desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación das resolucións órgano municipal competente aprobatorias da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

5º.- En todo caso, a achega ao Concello de Pontevedra farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- 1) Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.
- 2) Certificacións de obra executada xunto coa correspondente aprobación polo órgano competente do Concello. Xunto coa primeira e última certificación se remitira unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- 3) Certificación ou acto de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- 4) Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- 5) Contrato/s de adxudicación da/s obra/s, nos casos que sexa necesario.
- 6) Acta/s de recepción, unha vez rematado/s os investimentos.
- 7) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- 8) Memoria xustificativa do cumprimento dos obxectivos acadados e o cumprimento da obriga de difusión da colaboración da Deputación nestas actuacións, unha vez finalizadas.

6º.- O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución da obra, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

7º.- O pagamento de todas as facturas con cargo á execución das actuacións previstas neste convenio deberá efectuarse no prazo máximo dun mes, dende a percepción dos fondos, e realizarase preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obligatorio, en todo caso, cando o importe da factura supere os 900 euros.

8º.- A Deputación de Pontevedra poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e o cumprimento do obxecto do convenio de colaboración. En todo caso as certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas.

O Concello de Pontevedra queda obrigado a prestar a colaboración e facilitar canta documentación que lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas; así mesmo, sométense ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.

#### **QUINTA.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO**

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou de se producir un incremento ou diminución do seu custo ou das expropiacións, será financiado por ambas institucións, na porcentaxe do 50% cada unha, con cargo á anualidade que corresponda e será ingresado nos prazos que se indiquen na liquidación que se practicará dentro do mesmo exercicio orzamentario.

En caso de que supoñan un aumento da cantidade estipulada no convenio haberá que contar coa autorización previa e expresa do Concello e da Deputación Provincial de Pontevedra.

#### **SEXTA.-OBRIGAS DA DEPUTACIÓN**

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o 70% da realización das obras de conformidade co previsto na cláusula terceira.

2.- Levará a cabo a redacción, tramitación e aprobación do proxecto ou proxectos correspondentes de expropiación e obras.

Así mesmo, xestionará e tramitará administrativamente os procesos de expropiación dos predios necesarios para levar a cabo a construcción do novo vial, a través dos seus servizos técnicos e xurídicos poñéndoos a disposición do concello de Pontevedra.



3.- Redactará o correspondente proxecto técnico descriptivo das actuacións a desenvolver.

4.- Remitirá ao Concello a documentación acreditativa da aprobación do proxecto, así coma do expediente expropiatorio, no prazo de un mes dende a adopción do correspondente acordo.

5.- Remitirá a conta xustificativa dos gastos realizados por expropiacións, con anterioridade ao 31 de decembro de cada ano de vixencia do convenio, mediante a certificación expedida pola Intervención Xeral acreditativa dos pagamentos realizados (expropiacións), á que, no seu caso, xuntaranse os documentos xustificativos que resulten pertinentes.

#### **SÉTIMA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

1.- O Concello de Pontevedra ademais da redacción do anteproxecto, financiará a realización do 30% das obras e o importe das expropiacións, de conformidade co financiamento previsto nas cláusulas segunda e terceira.

Procederá a entregar á Deputación, de xeito anticipado, a contía de 439.393,50€ comprometidos para o financiamento das expropiacións previstas, na anualidade de 2018, cantidade que deberá ser ingresada nas arcas provinciais antes do remate desta anualidade, unha vez aprobado o proxecto de obra pola Deputación logo da conformidade municipal e antes do inicio do expediente expropiatorio.

2.- Asumirá a licitación, dirección, execución e recepción das obras previstas nos proxectos técnicos.

3.- Contratará as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

4.- Obterá os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

5.- Remitirá, unha vez formalizados os contratos de obra, unha copia destes á Deputación Provincial, e comunicará a data e hora en que terá lugar a comprobación do trazado de planta, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.

6.- Xustificará perante a Deputación os investimentos realizados, no prazo máximo de tres meses dende a súa finalización, mediante a expedición das correspondentes

certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custe total do investimento.

7.- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.

8.- Asumirá a titularidade do vial.

9.- Levará a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.

10.- Dará ao convenio a axeitada publicidade, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do mesmo se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

11.- Destinará os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

12.- Unha vez finalizadas as actuacións o Concello queda obrigado a remitir unha memoria á Deputación onde se xustifique o cumprimento dos obxectivos acadados e o cumprimento da obriga de difusión da colaboración da Deputación nestas actuacións.

13.- Comunicará á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

#### **OITAVA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

As achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

## NOVENA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacíóns relativas ás actuacións ás que se refire o presente convenio incluirase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra banda, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de seguimento e control, da que forman parte os/as Presidentas/es, ou persoas en quen deleguen, e unha/o técnica/o de cada entidade.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- a) A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzcan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- c) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

- d) Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- e) En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.
- f) A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- ENTRADA EN VIGOR**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2019.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

#### **DÉCIMA SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requerimiento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requerimiento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concordancia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### DÉCIMA TERCEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.

Pola Deputación Provincial

Asdo.- M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.- Carlos Cuadrado Romay



Polo Concello de Pontevedra

Asdo.- Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario do Concello de Pontevedra

Asdo.- José Carlos Castiñeira Piñeiro

